

M. Carlos García Martínez, premio Trasalba 1999

Xosé Carlos Sierra Rodríguez

Director do Museo Etnolóxico de Ribadavia

A Fundación Otero Pedrayo concedeu o Premio Trasalba de 1999 a Manuel Carlos García Martínez, Director en funcións do Museo do Pobo Galego, Presidente do Consello Galego de Museos e, tamén, socio fundador da Asociación de Amigos do Museo do Castro de Viladonga.

A xa prolongada tradición do encontro anual en Trasalba, para lembrar a figura de don Ramón Otero Pedrayo e homenaxear a outro persoeiro da nosa cultura que actualice e sitúe no presente vivo esa lembranza, adoptou neste último (ou penúltimo) ano do milenio un perfil anovador, debuxado na imaxe da persoa homenaxeada e encadrado no xogo de referencias e adscripcións nas que esa persoa sitúa a súa biografía.

A meirande parte dos persoeiros ata agora homenaxeados atopábanse no zénit do seu quefacer persoal e intelectual - a súa idade colocáboas na posición de peche categorial do seu cursus honorum, o que non impediu que seguisen facendo a súa aportación á nosa cultura tecendo a trama da historia deste país.

Concedéuselle este ano o Premio Trasalba a un home que, afortunadamente para todos, ten aínda que realizar moitos trasegos e fatigar moitos camiños. Sen ter pasado plenamente o ecuador, o seu traballo é tan denso como modesta e discreta é a súa actitude, porque el e outros da súa xeración entenderon este país como asunto e quefacer urxente, no que cumpría actuar con axilidade, non con lixeireza, porque os tempos da normalización social e cultural de Galicia eran chegados. Carlos García Martínez é un fillo

cultural e político do 68, dos que remataban a súa carreira universitaria cando a intelixencia crítica botaba contra as cordas, no corazón de Europa, as poltronas da modernidade rachando coas tendencias proféticas e escatolóxicas dunha ideoloxía do progreso social, traducción literal desde a esquerda dos esquemas evolutivos do liberalismo burgués. Galicia e España estaban daquela nas bocarribeiras da liberdade, porque o progreso material cabalgaba cara ós chaos e as ideas antiautoritarias non podían emerxer aínda do fondo dos encoros.

Desde moi novo, Carlos García Martínez vencéllase á tarefa intelectual do galeguismo resistente, que acobillaba o seu feito (que non o seu dereito) de asilo en certas ermidas ou capelas dun inocente labor humanístico que non era quen de desmontar a andamiaxe do réxime dictatorial franquista. No Instituto 'P.Sarmiento' de Estudos Galegos, el e outros do seu tempo, - Fernando Acuña Castroviejo, Xosé M. González Reboredo, Xosé M. Vázquez Varela...-, acóllense ó maxisterio, para eles inesquencible, de Fermín Bouza-Brey, de Felipe Cordero Carrete, de Xesús Taboada Chivite ou, máis de vagar, de Antonio Fraguas Fraguas. A xeración que representan é a que leva a ruptura académica e crítica á Universidade compostelana e a que introduce a inflexión das ideoloxías de esquerda e o conflito da normalización lingüística na Universidade galega.

Unha relación estreita e leal co Instituto 'P.Sarmiento' leva a García Martínez a conxugar os seus estudos xurídicos coa investigación teórica e co traballo de campo nos eidos da arqueo-

loxía, da prehistoria e da etnografía, nos que logra unha sólida formación e un coñecemento conceptual e descriptivo da antropoloxía inusual entre nós. Vai desenvolvendo todo o seu traballo intelectual e social con fortes posicionamentos ideolóxicos que lle fan remitir todo ó ámbito do compromiso rexo e granítico coa causa histórica do galeguismo, o que fai comprensible o conxunto do seu labor, pois ese vínculo por el construído desde a mocidade explica o seu xesto e a súa palabra, as súas ideas e as súas accións. Fortaleza e non pechadura, como o demostran as súas relacións pioneiras con arqueólogos e prehistoriadores europeos como Giulio Cesare Borgna, R.Fontanini ou Elisabeth Shee (amais da pleiade de investigadores portugueses representados polo lembrado Carlos A.Ferreira de Almeida), ou como reflicten os estreitos contactos que estableceu con aqueles grandes mestres que deixaron unha pegada inesquencible en Compostela: Carlos Alonso del Real e Alberto Balil, catedráticos universitarios que tiñan en alta consideración e particular estima á persoa que aquí glosamos.

Non citamos de xeito individualizado, pois non é o obxectivo desta curta semblanza, os seus traballos e publicacións sobre megalitismo, arte rupestre ou o campaniforme, ou ben sobre aspectos sociais, xeográficos e habitacionais das comunidades indíxenas da Galicia antiga, ou, en fin, os seus estudos etnográficos e etnohistóricos, coma os adicados á casa popular galega, precisamente os máis gratos a outro mestre seu, Xaquín Lorenzo 'Xocas'. Do esforzo de Carlos García Martínez

dan boa conta traballos tan importantes como a reedición en 1982 da obra de Nicolás Tenorio La aldea gallega, tan escasamente coñecida ata hai pouco cando é fundamental para o achegamento etnohistórico á Galicia interior e, singularmente, ás terras orientais da provincia de Ourense.

Estamos, como indicaba o antropólogo José Antonio Durán, diante dun "home de probada curiosidade intelectual", ademais (engadimos nós) dun exquisito bibliófilo. Home máis de lecturas que de escrituras (isto, só particularmente nos últimos anos), foi sempre unha persoa de incesante acción cultural, dinamizador de ideas e proxectos esenciais para este país. Moitas son "aventuras" nas que andou e aínda anda enguedellado, e moitas outras as tarefas que testemuñan a súa vital aportación.

Unha delas é a que destaca como máis relevante e significativa, acadando un éxito e repercusión socio-cultural moi notable grazas á súa teima e ó seu compromiso, coa colaboración de moitos e moitas que axudan á súa consolidación, e pesía a que non sempre contara co apoio oficial das administracións públicas. Falamos, naturalmente, do Museo do Pobo Galego, exercicio de construción da memoria cultural e histórica de Galicia, que produce e reproduce o ser paradóxico da nosa sociedade, capaz de se implicar en grandes proxectos cívicos á marxe da iniciativa pública e oficial (como acontece cos 22 anos de historia do dito Museo), e de asistir sen reaccionar diante das accións invertebradoras dun arrepiente minifundismo cultural. O Museo do Pobo Galego - do que M.

Carlos García Martínez foi patrono mentor e fundador, secretario, subdirector e agora director -, é un espacio de rexeneración cultural que incide no campo educativo, promovendo a recuperación das variadas imaxes e facianas de Galicia, xusto no tempo histórico no que a remodelación e as mudanzas abren novas perspectivas para a reconstrucción creativa, aberta e dinámica das identidades.

Moitos da nosa xeración, un pouco máis nova cá de García Martínez, achegámonos da súa man fraterna á percepción dos horizontes que nos ía descubrindo o itinerario por eles comezado. Moitos venciállámonos a través deles ó Instituto de Estudos Galegos ou ó Museo do Pobo Gallego e ó seu Patronato e Xunta Rectora. Carlos representa para algúns de nós o pulo e o vínculo que a súa xeración teceu cos que están representados polos homenaxeados nas edicións anteriores do Premio Trasalba. Particularmente, nós disfrutamos sempre da súa conversa, na que expresa a súa curiosidade intelectual, a súa agudeza crítica e o seu saber antropolóxico de aquí e de acolá, pois a García Martínez lle interesan case por igual a comprensión e a dignidade do seu propio pobo e nación, como as andainas, glosadas de vagariño nun *tipi* tabernario e fronte a unha cunca de bo ribeiro, dos vellos *síoux oglala* ou co relato das Doncelas do Millo dos indios *Pueblo*,



Carlos García Martínez en Lugo, 1982. (Foto: Antón R. Casal)

xentes de culturas e palabras que xes-tualizan a acción e o pensamento.

Cómpre, pois, dar os parabéns ó Padroado da Fundación Otero Pedrayo pola sensibilidade mostrada ó terlle concedido este ano o Premio Trasalba a un home que representa, ó mesmo tempo, a tradición e a mudanza - a herdanza de Galicia en todo caso - porque Carlos García Martínez é máis ponte que alicerce, máis camiño de tránsito que punto de partida. A súa madurez é a da súa obra aínda por concluír, obra que ten garantida a continuidade pola firmeza da súa vontade e pola categoría das tarefas xa realizadas.